

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE CONVIDA AOS ESTUDANTES DE ENSINO MEDIO A PARTICIPAR NO VI CONCURSO DE CURTAMETRAXES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES

- *ADOS promove a sexta edición do certame de curtas para escolares de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior*

Santiago, mércores 16 de xaneiro do 2019.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) quere convidar a todos os alumnos e alumnas de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior de Galicia a tomar parte no VI Concurso Universitario de Curtametraxes para escolares relacionado coa doazón e os transplantes.

As bases da convocatorias deste certame pode descargarse no seguinte enlace da páxina web de ADOS:

VI Concurso de Curtas para escolares:

<https://ados.sergas.gal/Paxinas/web.aspx?tipo=paxtxt&idLista=3&idContido=473&migtab=473&idTax=9407>

Participantes

Na sexta edición do concurso de curtametraxes para escolares, poden participar os estudantes de bacharelato e ciclos formativos de grao medio de todos os centros educativos de Galicia que presenten traballos, individuais ou en grupo de ata cinco autores por cada curta presentada, e unha duración máxima de catro minutos.

Así mesmo, as curtametraxes, que deberán ser orixinais e inéditas, poden ser mudas ou sonoras, en galego normativo e técnica libre, podendo gravarse en calquera dispositivo, mesmo teléfonos móbiles. A data límite para a presentación de traballos conclúe o día 28 de abril.

Os traballos gañadores da última convocatoria deste certame para estudantes de ensino medio atópanse colgadas na canle de YouTube da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue: <https://www.youtube.com/channel/UCL2vp0q1nmFBV9zsQacs4oQ>

ADOS quere animar a que tomen parte nesta iniciativa todos os estudantes galegos, xa que esta iniciativa promove unha actitude solidaria e favorable ao xeneroso xesto da doazón entre os nosos mozos, permitíndolles coñecer, de primeira man, unha parte fundamental do noso sistema sociosanitario.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE